

FOLLATOS

Boletín Informativo da Biblioteca do CEIP Filomena Dato
A Valenzá. INVERNO. 2010. Nº 3

30 DE XANEIRO DÍA DA PAZ



SUMARIO

LECTURAS PARA UN TEMPO (NECESARIO) DE PAZ

LECTURAS PARA UN TEMPO (NECESARIO) DE PAZ


O 30 de xaneiro celébrase o Día Escolar da Non Violencia e da Paz. Todo empezou hai 40 anos cando un poeta pacifista quixo conmemorar o aniversario do asasinato de Gandhi con xornadas educativas para fomentar a convivencia entre os nen@s e os xóvenes. Así cada ano, o 30 de xaneiro milleiros de escolares celebran esta data como unha forma de acadar un soño: **vivir con RESPECTO é vivir en PAZ.**

EDUCACIÓN INFANTIL



O sorriso de Daniela


EDUCACIÓN PRIMARIA




A gran viaxe do señor M




Un barco no ceo



Negros e brancos



Los niños no quieren la guerra



Los viajes de Olga



A guerra dos números



El libro de la PAZ



Una buena costumbre



Verdaderos amigos



¡Porque te quero tanto!



Fray Perico en la guerra



Fray Perico en la paz



El señor Guerra y la señora Paz



Un gran soño




Una nueva amiga




O robot que tiña medo dos nenos



O neno que tiña medo dos robots



Frederick



A cebra Camila

Visítade estas páxinas para saber máis:

www.rinconsolidario.org/palabrasamigas


www.ctv.es/ (xogos cooperativos e de paz)

www.contosolidarios.org/

[http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/ CEIP MESTRESGOLDAR edpaz.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/CEIP_MESTRESGOLDAR_edpaz.pdf)

www.unicef.org/co/kids/constructores.htm (XOGO para convertirse en constructores de Paz)

<http://cuentosparadormir.com> (MOI INTERESANTE, podedes descargar contos, escoitalos e con moitos recursos para traballar en valores)



¡SIGUEME!

DECÁLOGO PARA MEDRAR NA PAZ

- 1. Eres alguén moi importante. Quérete.**
- 2. Valora aos teus amigos. Daraslles seguridade.**
- 3. Descubre todo o que une aos demais por encima do que te separa.**
- 4. Respecta as opinións. Así contribuirás ao diálogo.**
- 5. Aprende a escoitar, comprenderás mellor aos demais.**
- 6. Esfórzate por rematar ben os teus traballos. Disfrutarás co resultado.**
- 7. Cumple coas túas responsabilidades, os demais necesitanlo.**
- 8. Traballa en grupo. Ninguén sabe máis que todos xuntos.**
- 9. Comparte as túas cousas cos demais. Farate moi feliz.**
- 10. Pon Paz dentro de ti, desta forma estarás poñendo tamén Paz ao teu arredor**



“O PINTOR E O DRAGÓN” (un conto de amizade)

Houbo unha vez un pintor que nunha das súas viaxes quedou tan perdido polo mundo que foi a dar á gorida dun dragón. Este, nada máis velo, ruxiu feroz por telo molestado na súa cova.

- ¡Ninguén se atreve a entrar aquí e saír vivo!
O pintor disculpouse e tratou de explicarlle que se perdera. Aseguroulle que se marcharía sen volver molestalo, pero o dragón seguía empeñado en esmagalo.
- Escoita dragón. Non tes por que matarme, igual podo servirche de axuda.
- ¡Que bobadas dis anano! como poderías axudarme ti, que es tan débil e pequecho?
- Sabes facer algo, anque só sexa bailar? ¡ja,ja,ja!
- Son un gran pintor. Vexo que as túas escamas están un pouco descoloridas e, certamente, creo que cunha boa man de pintura podería axudarte a dar moito máis medo e ter un aspecto moito máis moderno.

O dragón quedou pensativo, e ao pouco decidiu perdoar a vida ao pintor se se dedicaba como escravo seu a pintarlle e decorarlle ao seu gusto. O pintor cumpriu co seu papel, deixando ao dragón cun aspecto increíble. Ao dragón gustoulle tanto, que a miúdo lle pedía ao pintor novos cambios e retoques, á vez que lle trataba moito mellor, case como a un amigo. Pero por moito que o pintor llo pedise, non estaba disposto a deixalo libre, e levábao con el a todas partes. Nunha das súas viaxes o pintor e o dragón chegaron a unha gran montaña. Estaban percorréndoa cando se deron conta de que a montaña se movía... e comezou a ruxir cun ruído tal que deixou ao dragón medio morto de medo. Aquela montaña era en realidade un xigantesco titán, que se sentiu tan enfadado e ofendido pola presenza do dragón, que asegurou que non pararía ata esmagalo.

O dragón, asustado polo tamaño do titán, disculpouse e tratou de explicarlle que chegara alí por erro, pero o titán estaba decidido a acabar con el.
- Pero escoita, gran titán, son un dragón e podo serche moi útil- terminou dicindo.
- Ti, dragón anano? Axudarme a min? Pero sabes facer algo útil? ¡ja, ja, ja, ja!
- Son un dragón, e boto lume pola miña boca. Podería asar a túa comida e quentar a túa cama antes de durmir...

O titán, igual que fixera antes o dragón, aceptou a proposta, quedándose ao dragón como o seu escravo, tratándoo coma se fose un misto ou un chisqueiro. Unha noite, cando o titán durmía, o dragón mirou entristecido e avergoñado ao pintor.
- Agora que me ocorreu a min, deime conta do que che fixen... Perdóame, non debín abusar da miña forza e do meu tamaño. E cortando as súas cadeas, engadiu:
- ¡Corre, escapa! O titán dorme e es tan pequeno que non pode nin verte.
O pintor sentiuse feliz de quedar libre, pero vendo que o dragón, a quen tomara moito agarimo, comprendera a súa inxustiza, quedou por alí cerca pensando un plan para liberalo.

Á mañá seguinte, cando o titán espertou, descubriu ao dragón tumbado ao seu lado, morto, coa cabeza cortada. Ruxiu e ruxiu e ruxiu furioso, pensando que sería cousa do seu curmán, o titán máis malvado que coñecía, e marchouse rapidamente na súa busca, decidido a romperlle a cabezota en mil pedazos.

Cando se marchou o titán, o pintor espertou ao dragón, que aínda durmía tranquilamente no mesmo sitio. Ao espertar, o dragón atopou ao outro dragón da cabeza cortada, que non eran máis que unhas rocas que o pequeno artista pintara para que parecesen un dragón morto. E ao mirarse a si mesmo, o dragón comprobou que apenas se lle podía ver, pois mentres durmía o pintor decorara as súas escamas de forma que parecía unha verde pradería de froes e de herba.

Ambos fuxiron tan rápido como puideron, e o dragón, agradecido por salvarlo, prometeu ao seu amigo o pintor non volver utilizar a súa forza e o seu tamaño para abusar de ninguén, e que os utilizaría sempre para axudar a quen máis o necesitase.



MIL PRIMAVERAS MÁIS PARA A CULTURA
GALEGA